






Salas de reunións

Listado de salas de reunións

Nome da sala	Localización	Aforo	Teléfono	Capacidades
Sala de reunións de dirección	Planta baixa	10 persoas	16407	
Sala de reunións 1	Planta baixa	10 persoas	16408	
Sala de reunións 2	Primeiro andar	10 persoas	16442	
Sala de reunións 3	Segundo andar	10 persoas	16472	
Salón de actos	Planta baixa	72 persoas	-	

Reserva e acceso ás salas

A reserva das salas faise mediante a [Aplicación de reservas](#). **É obrigatorio facer a reserva dunha sala antes de utilizala.**

As reservas da **sala de reunións de dirección** e do **salón de actos** deben ser aprobadas pola secretaría do centro. Márcanse de xeito especial na aplicación de reservas ata que son aprobadas.

O acceso realízase coa tarxeta da USC no caso das salas 2 e 3. Só pode abrir estas salas o persoal do centro con contrato coa USC. A porta desbloquéase ó pasar a tarxeta e volve a bloquearse ó pasala unha segunda vez. É responsabilidade de cada investigador pechar o acceso a cada sala de reunións unha vez abandone a sala.

Conexión de portátiles á rede de datos

Podes conectar un portátil á rede de datos usando a roseta situada na mesa central. Debes usar os seguintes datos de conexión, segundo a sala na que te atopes:

Nome da sala	Dirección IP	Máscara de rede	Porta de enlace	DNS
Sala de reunións de dirección	172.16.243.170	255.255.255.0	172.16.243.1	193.144.75.9, 193.144.75.12
Sala de reunións 1	172.16.243.172			
Sala de reunións 2	172.16.243.174			
Sala de reunións 3	172.16.243.176			
Salón de actos (mesa)	172.16.243.179, 172.16.243.181			
Salón de actos (atril)	172.16.243.182			

Uso do equipamento

Nos seguintes trípticos, que podes atopar tamén en cada unha das salas, tes a información básica sobre o uso do equipamento:

- [Sala de reunións de dirección](#)
- [Sala de reunións 1](#)
- [Salas de reunións 2 e 3](#)
- [Salón de actos](#)

Videoconferencia H.264/H.323/SIP

As salas de dirección e máis a 1 contan con equipamento de videoconferencia multipunto a través de IP, con ata 8 interlocutores ó mesmo tempo.

Sala	Equipo	Dirección IP
Sala de dirección	Polycom	193.144.76.8
Sala 1	RadVision XT1000	193.144.76.26

Videoconferencia Skype


As salas contan cunha webcam e un micrófono/altofalante grupal para poder manter reunións por Skype. (*Nota: A sala de reunións 1 (planta baixa) non ten micrófono/altofalante grupal, só ten webcam*).

- A **webcam Logitech C525** (salas 2 e 3) ou **Logitech C910** (salas 1 e dirección) está colocada sobre a pantalla e conectada directamente ó PC da sala.
- O **micrófono/altofalante grupal ClearOne Chat 60** está colocado na caixa de cables (excepto na sala 1 que non hai). Pode enchufarse en calquera porto USB.

Ambos elementos poden utilizarse co PC da sala ou con portátiles propios, pero ó rematar deben quedar dispostos como estaban orixinalmente.

Configuración de Skype co PC da sala

1. Conectar o micrófono/altofalante grupal ó PC da sala a través dalgún dos portos USB da sala.
2. Asegurarse de que a webcam está conectada tamén a algún dos portos USB da sala.
3. No menú de son, seleccionar Preferencias de son....




4. Na lapela Saída, seleccionar a saída HDMI/DisplayPort 2 - High Definition Audio


Controller para usar os altosfalantes da pantalla (mellor calidade). Tamén podes seleccionar Saída analóxica - Chat 60 se queres usar a saída do altosfalante/micrófono grupal, pero pode provocar distorsións.



5. Na lapela Entrada, seleccionar a entrada Micrófono - Chat 60.



6. Asegurarse de que o volume do micrófono está por riba da marca Sen amplificar e por debaixo do 100%.



7. Realizar a chamada en Skype. Segundo a versión de Skype, unha vez comezada a chamada, seleccionar outros dispositivos de entrada ou saída non terá o efecto desexado. Debe colgarse a chamada e volver a realizala para que os cambios teñan efecto.

1) Baixo petición, emprégase o mesmo equipo da sala de reunións 1 e hai que preparalo de antemán

From: <https://wiki.citius.usc.es/> - Wiki do CiTIUS

Permanent link: https://wiki.citius.usc.es/centro:instalacions:salas_de_reunions

Last update: 2017/10/02 14:04

